<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Cantidade - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Relacións - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiás, investigando propiedades e relacións de forma guiada. - Educación financeira - Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes. - Contexto - Magnitude - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.

Contidos

- Contexto
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Xéneros discursivos
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.
- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.
- Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos.
- Medición
- Procesos: interacción oral
- Procesos: interacción oral
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Estimación e relacións
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: comprensión oral
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Procesos: produción oral
- Procesos: produción oral

Contidos

- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Contexto
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Xéneros discursivos
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Procesos: comprensión lectora
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Procesos: produción escrita
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.

Contidos

- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Padróns
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Organización e análise de datos
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques?) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

Contidos

- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
10	Alfabetizacións múltiples e uso de textos sociais	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende as preguntas.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa curiosidade pola aprendizaxe.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información en diferentes soportes.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Entende o galego como a súa lingua.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Contrasta as hipóteses e ideas previas cos resultados obtidos.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Razoa as respostas para chegar a posibles solucións.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Experimenta para chegar a pequenas conclusións.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Produce pequenos textos con coherencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Escoita activamente.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Respecta as opinións alleas e resolve conflitos de maneira empática.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Experimenta para chegar a pequenas conclusións.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Valora a lectura como un medio de enriquecemento persoal e cultural.		
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseña un produto final de forma guiada.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Emprega diferentes estratexias de resolución de problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Participa na presentación do produto resultado dun proceso de investigación.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Emprega medios dixitais de maneira segura e guiada.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Secuencia a actividade en pasos sinxelos.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende as preguntas.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce pequenos textos con coherencia.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta as opinións alleas e resolve conflitos de maneira empática.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Valora a lectura como un medio de enriquecemento persoal e cultural.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Sentido das operacións - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Educación financeira - Contexto - Contexto - Magnitude

Contidos

- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.
- Xéneros discursivos
- Xéneros discursivos
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Procesos: interacción oral
- Procesos: interacción oral
- Medición
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: comprensión oral
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Contexto
- Contexto
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Estratexias para a coherencia textual.

Contidos

- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais¿
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras¿ e ferramentas dixitais.
- Xéneros discursivos
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.
- Localización e sistemas de representación
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Procesos: comprensión lectora
- Procesos: comprensión lectora
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Procesos: produción escrita
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna¿

Contidos

- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Modelo matemático
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Organización e análise de datos
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar

Contidos

- producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
11	Pensamento computacional e resolución de problemas	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Entende o galego como a súa lingua.	TI	100
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Realiza conxecturas.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Respecta as opinións alleas durante o traballo grupal e colabora no rexistro de datos.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Entende o galego como a súa lingua.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Emprega diferentes estratexias de resolución de problemas.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información en diferentes soportes.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Identifica a información relevante nunha lectura.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Razoa as respostas para chegar a posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a coresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Actúa de acordo aos principios de sustentabilidade coidando o medio que o rodea.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce pequenos textos con coherencia.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Identifica a información relevante nunha lectura.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Participa activamente no proceso de experimentación científica.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Valora a lectura como medio para ampliar vocabulario.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Produce pequenos textos con coherencia.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Relaciona as matemáticas coa vida cotiá.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Contrasta a información.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Constrúe un pensamento crítico e non discriminatorio.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Participa na presentación do produto resultado dun proceso de investigación.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	Produce pequenos textos con coherencia.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Entende a lectura como unha actividade de lecer.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Valora a lectura como medio para satisfacer as súas necesidades de lecer e aprendizaxe.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os procedementos aplicados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Mellora a súa competencia comunicativa.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Crea pequenos textos.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Respecta as opinións alleas e resolve conflitos de maneira empática.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Valora a lectura como medio para ampliar vocabulario.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os procedementos aplicados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Cálculo - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Cantidade - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. - Relacións

Contidos

- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10^º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiás e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Contexto
- Contexto
- Magnitude
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Xéneros discursivos
- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.
- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Medición
- Procesos: interacción oral
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estimación e relacións
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Contexto

Contidos

- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Contexto
- Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega.
- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Xéneros discursivos
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Xéneros discursivos
- Localización e sistemas de representación
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Procesos: comprensión lectora
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións

Contidos

- cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ?.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Organización e análise de datos
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Crenzas, actitudes e emocións - Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión. - Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.

UD	Título da UD	Duración
12	O pensamento crítico: reflexións socioculturais con perspectiva histórica	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe

Contidos

- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Relacións e funcións
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Organización e análise de datos
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, cuidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

Contidos

- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co disposto no Decreto 155/2022, a metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, prestará atención ao desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas contextualizados na vida cotiá, fomentarse o traballo colaborativo e potenciarase a aprendizaxe significativa. Tendo en conta isto, o proceso de ensino-aprendizaxe estará guiado polas seguintes concrecións metodolóxicas:

- O equipo docente coordinarase de forma horizontal e vertical, compartindo e realizando reflexións conxuntas e acordando aspectos metodolóxicos que respondan ás necesidades e intereses de cada estudante.
- O profesorado terá un rol de mediador, de guía. Seleccionará as situacións de aprendizaxe adecuadas, que esperten o interese do alumnado, planificando tempos, espazos, agrupamentos e escollendo recursos dixitais e non dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomenten a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezan novas oportunidades de aprendizaxe. Será un profesorado promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe.
- Realizaranse proxectos significativos para o alumnado, usando diferentes estratexias e respectando os ritmos de aprendizaxe, partindo dos seus coñecementos previos, reforzando a autoestima, a autonomía, a curiosidade, a motivación e a responsabilidade sobre as propias aprendizaxes.
- Teranse en conta os principios de normalización e inclusión poñendo especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo como a secuenciación de contidos, a adaptación de tempos ou outros cambios na metodoloxía tan pronto como se detecten estas dificultades. Potenciarase a inclusión e darase resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención máis individualizada.
- Potenciarase o desenvolvemento de actitudes positivas con respecto ao benestar, persoal, social e físico, así como a capacidade de respectar a diversidade nos demais. Potenciaranse así mesmo, actividades en que o alumnado descubra e tome consciencia da necesidade de coidar o propio corpo, recoñecendo aqueles factores que prexudican a nosa saúde física e mental e incidindo na importancia dos hábitos saudables. Así mesmo, favorecerase un clima emocional de confianza e afectividade na aula, onde o diálogo, a resolución pacífica dos conflitos e o traballo en equipo serán os eixes principais; contribuíndo deste xeito ao adecuado desenvolvemento persoal de todo o alumnado e do proceso educativo.
- Propoñeranse actividades de traballo individual e en equipo (cooperativo) que posibiliten a resolución conxunta e colaborativa das tarefas e favorezan a participación do alumnado, facéndoo protagonista das súas aprendizaxes. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións, promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz. É dicir, o traballo cooperativo permitiralle desenvolver habilidades sociais como a escoita activa, o respecto polos demais e as súas opinións ou a responsabilidade individual ao tempo que aprenden contidos significativos.

- Diseñaranse situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas ou realización de debates sobre temas de actualidade, atendendo á súa gradación e complementariedade. A vivencia, manipulación, representación e abstracción deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe. Non se trata de realizar actividades manipulativas próximas a un activismo descontextualizado, senón a través de accións guiadas por situación contextualizadas e cheas de sentido nas que estean presentes a exploración e a investigación, a toma de decisións, a análise e a satisfacción por chegar a resultados. As accións terán a finalidade de responder a unha pregunta, solucionar un reto, representar vivencias ou resolver problemas. Isto favorecerá tamén a interdisciplinaria, relacionando os contidos das diferentes áreas e favorecendo o desenvolvemento das diferentes competencias clave. Para iso aproveitaranse os recursos propios da contorna, partindo de aprendizaxes máis simples cara a outras máis complexas e considerando as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe. Tamén se introducirá a aprendizaxe servizo, a cal fomentará a aprendizaxe activa a través da participación do alumnado nas actividades comunitarias, involucrándose nas necesidades reais da súa contorna e mellorándoa, facendo posible conectar o aprendido na aula cun contexto real.

- Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos dende as áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, desenvolvendo así unha actitude de rigor e pensamento crítico ante fenómenos que suceden no seu contorno máis próximo. Tamén se realizarán, de maneira habitual, propostas que partan do Club de Ciencias.

- Fomentarse a igualdade de xénero en todos os ámbitos e dun espírito crítico que permita coñecer porque hai profesións tan feminizadas ou masculinizadas e a presentación de persoas que representen logros e rupturas de teitos de cristal no eido profesional. Dende o ámbito científico-tecnolóxico estudaranse personaxes relevantes ao longo da historia, resaltando o papel das mulleres, incidindo especialmente nas de orixe galega, desde unha perspectiva de xénero.

- A lectura constitúe un factor fundamental na adquisición de contidos e o desenvolvemento das competencias clave, polo que se potenciará a lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, a dramatización ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios con intención literaria, posibilitando o progreso do alumnado na construción da súa identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da literatura. Neste sentido, as bibliotecas de aula e do centro deberán conformar os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas. Para isto establécese un tempo diario de lectura así como unha sesión semanal para acudir á biblioteca de centro, na que se fará o préstamo semanal de fondos e se realizarán outras actividades, como a busca de información en libros ou o emprego da radio escolar.

- Fomentarse a aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora e a expresión oral e escrita, que se fará de maneira transversal na comprensión de situación-problema en matemáticas, na comprensión de conceptos relacionados con Ciencias Sociais e Naturais ou na elaboración e exposición de distintos produtos finais de traballos de investigación.

- O traballo das linguas farase a partir dun enfoque construtivista, a través do estudo de diferentes tipoloxías textuais, analizadas seguindo a planificación de Myriam Nemirovsky, o que implica a análise da lectoescritura de cada tipo de texto, da súa estrutura e dos diferentes compoñentes da lingua (a ortografía, a gramática, a expresión...) a partir de textos aos que se busca o seu uso social. Durante este curso traballarase, entre outros, o texto informativo e o texto literario. Utilizaremos textos de características variadas (autores diversos, rexistros diferentes, maior ou menor dificultade...) para que o noso alumnado teña máis posibilidades de desenvolver a súa competencia comunicativa.

- As relacións globalizadas entre as diferentes áreas nun contexto de diversidade linguística servirán de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Propiciarase un tratamento integrado das linguas como canle relevante para estimular a reflexión interlingüística, xunto coas linguas estranxeiras.

- Potenciarase o uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, respectuosa coas diferenzas, coa perspectiva de xénero, coa igualdade entre homes e mulleres e coas distintas linguas. Brindarase ao alumnado as ferramentas esenciais para a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas; para a resolución dialogada dos conflitos, e para a valoración crítica da información, coa finalidade de construír sociedades máis equitativas e democráticas.

- As matemáticas aprenderanse en contextos funcionais, reais e relacionados co cotián, co obxectivo de que o alumnado desenvolva a competencia matemática na vida cotiá. Para iso, os procesos matemáticos, son o referente que empregamos para que o alumnado comprenda e use os diferentes contidos organizados en sentidos. Os sentidos matemáticos (socioemocional, numérico, da medida, espacial, alxébrico e pensamento computacional e o estocástico) deben traballarse de maneira interrelacionada entre si e cos procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba, conexións (tanto intra como interárea), e comunicación e representación. Empregaranse materiais manipulativos diversos (material de base 10, moedas e billetes, etc), que permitan ao alumnado comprender e manipular cantidades e operar con estas, a través do uso do método ABN como referencia para realizar os algoritmos. Tamén se empregará o compoñente lúdico, con retos matemáticos e diversos xogos, para favorecer o desenvolvemento do razoamento lóxico-matemático e o afianzamento de diferentes contidos.

- As matemáticas actuais requiren dunha perspectiva socioemocional e de xénero que axude ao alumnado a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza, polo que deberán ofrecerse referentes femininos nos diversos sentidos matemáticos ao tempo que se convida a recoñecer as fontes de ansiedade, bloqueo e estrés, aprendendo a manexalas e facilitando que o alumnado manteña unha actitude positiva e que pense dun xeito crítico e creativo, valorando o erro como unha proceso que forma parte da aprendizaxe.

- Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación do plan, de ser o caso. A resolución de problemas implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Ao mesmo tempo entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer, que tamén é preciso traballar co alumnado.

- No traballo das diferentes áreas curriculares combinarase o traballo en aula, coa persoa titora, xunto co traballo en ambientes de aprendizaxe, nos que alumnado estará ata un total de 8 horas semanais, xunto con todo o alumnado do ciclo. Nestas horas, que se desenvolverán de luns a venres despois da hora de ler ata o final da xornada lectiva, o alumnado poderá acudir de maneira autónoma aos diferentes ambientes de aprendizaxe propostos e escoller a tarefa que vai realizar e o tempo de dedicación á mesma. Os ambientes de aprendizaxe preparados están relacionados coas seguintes áreas do currículo: Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Arts. En cada un deses espazos educativos establécense propostas didácticas diversas, co emprego de materiais concretos e manipulativos, a través dos cales o alumnado poderá, ben individualmente ou en pequeno grupo, traballar diferentes contidos. Isto favorecerá a motivación do alumnado, a responsabilidade e compromiso propio de cada estudante coa súa aprendizaxe, a autonomía, autoavaliación, a xestión emocional ante a frustración e a atención á diversidade.

- Fomentarase o emprego de recursos dixitais, co obxectivo de contribuír á mellora das competencias, á alfabetización mediática e informacional e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe. A relevancia das tecnoloxías dixitais e as contornas virtuais de aprendizaxe na sociedade actual fai necesario que o alumnado as integre na súa aprendizaxe facendo un uso seguro, crítico e responsable desde idades temperás.

- A avaliación deberá formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino, será reguladora e autorreguladora da aprendizaxe e atenderá á diversidade, variando situacións, instrumentos e procedementos de avaliación cando

corresponda. A súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensino como de aprendizaxe. Os resultados da avaliación proporcionarán información que poida ser utilizada para tomar decisión sobre axustar, revisar ou modificar os elementos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe (o tempo dedicado ás diferentes tarefas, os espazos e recursos que se empregan, a adecuación das actividades e estratexias propostas, a atención á diversidade na aula e as situacións de aprendizaxe propostas) e información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións diversas, poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes. A valoración dos logros do alumnado achegaralle ao profesorado datos para reflexionar sobre a súa práctica docente e o impacto que tivo na aprendizaxe do alumnado, de forma que poida introducir os cambios e axustes que correspondan para que se produza unha intervención axustada ás características do alumnado, unha aprendizaxe significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Recursos lingüísticos: diferentes exemplos de tipoloxías textuais de uso social, diferente material manipulativo e xogos didácticos para traballar a expresión oral e escrita, a gramática ou a ortografía, entre outros aspectos.
- Libros de consulta e ficción das bibliotecas de aula e centro, que se empregarán a diario para gozar da lectura durante a Hora de Ler e como recurso nos procesos de investigación levados a cabo na aula.
- Recursos matemáticos diversos: regras, calculadora e material manipulativo, tanto comercial como de elaboración propia como o material multibase, o tangram, o xeoplano, os corpos xeométricos, instrumentos de medición, regletas de Cuisenaire, reloxo analóxico, moedas e billetes, dados, dominós, xogos didácticos e demais material de carácter manipulativo que favorecerá a adquisición de diferentes conceptos matemáticos.
- Material científico e de laboratorio para realizar experimentos e observar procesos: balanzas, probetas, lupas ou microscopio.
- Outros recursos científicos: materiais da contorna como follas, sementes, froitos, plantas ou pequenos insectos; material manipulativo diverso para a aprendizaxe de diferentes contidos relacionados co mundo da zooloxía, a botánica e o corpo humano.
- Recursos de xeografía e historia: globo terráqueo, mapas físicos e políticos, crebacabezas e material manipulativo para a aprendizaxe de diferentes contidos como o relevo costeiro.
- Xogos didácticos diversos, para o traballo de capacidades xerais como a atención ou a memoria e para a adquisición e reforzo de contidos concretos das diferentes áreas.
- Material funxible: cadernos, lapis, gomas, carpetas, sobres e folios, entre outros.
- Taboleiros e paneis informativos, que servirán para presentar informacións varias, como apoio visual de contidos relevantes ou para presentar traballos do alumnado.
- Recursos persoais: profesorado que imparte docencia no 1º ciclo, profesorado con dispoñibilidade horaria, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e a xefa do Departamento de Orientación do centro.

Ademais tamén se conta coas familias do alumnado e persoas externas ao centro que poidan participar de diferentes dinámicas de aula e ciclo.

Os recursos que se relacionan neste apartado son un exemplo dos empregados no día a día da aula, mais poderase contar con calquera outro recurso ou espazo da contorna que poida xurdir durante o curso e se considere oportuno para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial aporta información sobre os coñecementos previos do alumnado e as características xerais do grupo e de cada estudante. Esta avaliación realizarase no mes de setembro, durante as primeiras semanas do curso, para poder adecuar as ensinanzas e facilitar unha progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe. Incidirase na obtención de información sobre o desenvolvemento das competencias clave e aprendizaxes instrumentais. Os procedementos e instrumentos para levala a cabo son os seguintes:

- Análise dos resultados académicos e informes individualizados de 1º E.P.
- Informes de reforzo educativo do curso anterior e do departamento de orientación, de ser o caso.
- Reunión de coordinación co profesorado do alumnado no curso anterior.
- Actividades individuais e grupais para coñecer os intereses e habilidades do alumnado.
- Dinámicas de cohesión grupal.
- Observación directa e análise do traballo realizado durante as primeiras semanas do curso, con especial atención a aspectos como a autonomía, a atención, o nivel de lectoescritura, a expresión oral, o cálculo, a resolución de problemas e as habilidades sociais.
- Entrevistas individuais coas familias.

Os resultados desta avaliación inicial serán analizados nunha sesión de avaliación inicial, na que estará presente o equipo docente do ciclo, así como a xefa do Departamento de Orientación, as especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, así como unha representación do Equipo Directivo, coa finalidade de adoptar as modificacións oportunas na programación e aquelas medidas educativas de apoio e reforzo que se consideren oportunas para cada estudante.

Así mesmo, os resultados desta avaliación inicial reflectiranse en XADE.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	10	10	8	8	8	7	8	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Táboa de indicadores	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas que conforman esta programación. Os criterios de cualificación nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Matemáticas serán os seguintes:

- Un máximo do 60% da cualificación outorgarase á observación sistemática sobre o traballo diario do alumnado e sobre a súa participación, interese e actitude nas actividades.
- Un máximo do 40% á análise das producións do alumnado (tarefas e traballos orais e escritos), que poderán ser tanto individuais coma en equipo.
- Os intercambios orais recibirán un peso máximo do 40% nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá, mentres que nas Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias sociais este peso reflectirá un máximo do 30% da cualificación.
- No caso de realizar algunha tipo de proba específica, esta non recibirá un peso superior ao 15% nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, mentres que no caso das Ciencias da Natureza e nas Ciencias Sociais, o peso será un 10% como máximo.

Para avaliar cada un deses aspectos empregaranse rúbricas e escalas de observación, listas de cotexo, diario de clase, cadernos do alumnado, textos escritos, producións orais, o diálogo, a asemblea, así como outros instrumentos de avaliación.

En canto á avaliación das competencias clave terase en conta a relación dos obxectivos de cada área con cada unha das competencias establecidas, para o que será preciso analizar os diferentes resultados dos criterios de avaliación relacionados con cada un dos obxectivos das áreas do 2º curso.

Criterios de recuperación:

No caso de que o alumnado non acade os mínimos de consecución dos criterios de avaliación das unidades didácticas adoptaranse medidas de reforzo educativo oportunas, co obxectivo de que logre a súa consecución nas seguintes tarefas que se desenvolvan ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que se adoptan para adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Polo tanto, a atención á diversidade será un dos principios fundamentais que se terá en conta nas decisións pedagóxicas e organizativas que se adoptarán dende a aula. Así pois, atenderase á diversidade do alumnado, seguindo os principios de inclusión, igualdade e normalización. Para facer realidade estes principios na práctica educativa adoptaranse as seguintes actuacións dende a aula:

- Realización da avaliación inicial do alumnado nas primeiras semanas do curso, para detectar posibles necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe e valorar os coñecementos previos do alumnado.
- Coordinación continua do profesorado que imparte docencia ao grupo e coordinación coas familias do alumnado para intercambiar información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e a implantación de medidas de atención á diversidade necesarias.
- Fomento da participación de todo o alumnado nas actividades da aula e do centro.
- Solicitude de intervención da xefatura do Departamento de Orientación no caso de que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran da realización dunha avaliación psicopedagóxica e a aplicación das medidas de atención á diversidade oportunas.
- Emprego de estratexias metodolóxicas que promovan a inclusión, o traballo en equipo, o respecto ás diferenzas e a convivencia; así como a consideración dos principios do DUA na atención educativa.

Ademais da aplicación destas actuacións xerais, adoptaranse as seguintes medidas de atención educativa, dispostas na lexislación citada anteriormente:

Medidas ordinarias: todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos e dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado dende a formación dos agrupamentos ata a xestión da aula no canto a acceso a recursos, flexibilidade dos agrupamentos, participación e convivencia.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno: a programación didáctica será flexible e irase adaptando ao nivel de competencia curricular do alumnado, aos seus intereses e ás súas necesidades.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, co obxectivo de favorecer que cada estudante avance no seu proceso de aprendizaxe.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias e necesidades de cada estudante, especialmente no caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esta medida incluírá a secuenciación de tarefas, as explicacións individuais das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a flexibilización dos tempos ou o emprego de instrumentos de avaliación variados.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: o reforzo educativo afecta a secuenciación de contidos, formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e de calquera outro aspecto metodolóxico para aquel alumnado que con estas modificacións poida seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Este reforzo docente estará acompañado da colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria na aula.

- Programas de habilidades e competencias sociais, se fose necesario.

Medidas extraordinarias: son todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares, se fose necesario.

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe para aquel alumnado que o precise.

- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente, se fose o caso.

- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, se fose o caso.

- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, se fose o caso.

Todas as medidas de atención á diversidade adoptadas ao longo do curso serán obxecto de revisión continua por parte do profesorado, co obxecto de facilitar unha resposta educativa que favoreza o desenvolvemento persoal, académico e social de todo o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O espírito emprendedor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O método científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A educación para a paz e a non violencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - O consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde e a educación afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A acción titorial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.5 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.6 - O espírito emprendedor	X	X	X	X
ET.7 - O método científico	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.9 - A educación para a paz e a non violencia	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.10 - O consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde e a educación afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.12 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.13 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.14 - A acción titorial	X	X	X	X

Observacións:

Tendo en conta os artigos 16 e 17 do D155/2022 a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións recogidas no Calendario Escolar	20 de novembro: Día Universal da Infancia. 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz. 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro. 8 de marzo: Día Internacional da Muller. Do 4 ao 8 de marzo: Semana da Prensa. 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas. 7 de abril: Día Mundial da Saúde. Do 22 ao 26 de abril: Semana do Libro. 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar. Do 13 ao 17 de maio: Semana das Letras Galegas. 5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Ao longo do curso realizaranse varias saídas pola contorna (unha trimestral como mínimo) e unha saída fóra da contorna (preferentemente no 3º trimestre do curso). Dentro destas saídas inclúense: Actividades de carácter cultural ou medioambiental. Visita a museos e exposicións. Asistencia a concertos didácticos e proxección de documentais ou longametraxes autorizadas.	X	X	X

Observacións:

Estas actividades terán como obxectivo espertar a motivación do alumnado cara diferentes aprendizaxes, complementar a oferta educativa realizada na aula, fomentar as relacións sociais entre o alumnado de diferentes niveis e etapas educativas; así como coñecer e establecer relacións co medio natural e con diferentes axentes sociais da contorna do centro.

Cabe sinalar que as saídas ao entorno, como aquelas que precisen transporte, contarán coa autorización previa do pai/nai ou titor/a legal do alumnado. Ademais das actividades sinaladas anteriormente poderanse engadir outras que se organicen dentro do centro, así como saídas educativas que poidan xurdir ao longo do curso por proposta dos diferentes equipos de coordinación docente, do concello ou entidades externas ao centro, as cales estarán debidamente xustificadas e supeditadas á autorización da dirección do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das unidades didácticas foi axeitada.
Fíxose unha correcta adecuación dos contidos ás características e necesidades do alumnado.
Empregáronse distintas estratexias e recursos para a presentación de contidos e novas situacións de aprendizaxe.
Elaboráronse actividades de distinto nivel de dificultade atendendo ás necesidades do alumnado.
Fíxose unha correcta adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
Potenciáronse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral e escrita.
As aprendizaxes logradas polo alumnado correspóndanse co nivel esperado en cada área.
Cumpríuse coas funcións de titoría e orientación do alumnado de maneira continua.
Metodoloxía empregada
Ofertáronse actividades con diferentes tipos de agrupamento.
O método de traballo foi variado, ofreciendo metodoloxías activas e diversas.
Ofreceuse ao alumnado un feedback continua nas actividades e traballos realizados.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula favoreceu a adquisición de aprendizaxes por parte do alumnado
Fíxose un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles no centro e na contorna para o desenvolvemento da programación.
Medidas de atención á diversidade
Ofrecéronse explicacións individualizadas ao alumnado que o precisou.
Respectouse o nivel de desenvolvemento do alumnado ofreciendo respostas individualizadas.
Adoptáronse medidas de reforzo educativo para o alumnado que o precisou.
Os recursos adaptáronse ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
Logrouse crear un clima de aula que favorece a aprendizaxe.
Logrouse a participación activa de todo o alumnado nas actividades da aula.
Logrouse o compromiso do alumnado no desempeño de diferentes cargos dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo unha coordinación continua entre o equipo docente de cada titoría.
Houbo unha coordinación continua entre o profesorado do nivel.
Houbo unha coordinación continua e fluída entre o profesorado do 1º ciclo.
Os resultados da coordinación internivel e interciclos foron positivos.
Xestionouse correctamente o tempo das reunións e titorías, xerando que fosen fluídas e eficientes.
Mantívose un contacto continuo con cada familia e os medios e canles de comunicación foron adecuados e suficientes.
Contouse cun apoio e implicación das familias no proceso educativo do alumnado.

Descrición:

Os indicadores anteriormente sinalados avaliaranse de forma trimestral a través de listas de control, co obxectivo de realizar un seguimento tanto do proceso de ensino-aprendizaxe como da propia práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24 o profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo información relevante de cada unidade didáctica: As datas de inicio e fin de impartición e as sesións realizadas, o grao de cumprimento respecto ao planificado, as propostas de modificación e/ou mellora, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e, de ser o caso, observacións.

A programación é unha guía do noso labor que deberá someterse a unha revisión continua, co obxectivo de valorar o

grao de adquisición dos obxectivos e o grao de desenvolvemento das competencias clave por parte do alumnado, así como o grao de desenvolvemento da programación didáctica e a propia práctica docente. Os resultados desta avaliación permitirán tomar decisións co fin de modificar, se é preciso, aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe, para favorecer o desenvolvemento académico e persoal de todo o alumnado. Este seguimento e avaliación farase de maneira continua, especialmente ao remate de cada trimestre e ao remate do curso escolar. A revisión centrarase no seguimento da programación a través do apartado correspondente da aplicación PROENS, valorando os diferentes aspectos de consecución da mesma. Para realizalo empregarase unha lista de control na que se avaliarán os indicadores de logro recollidos no apartado 8.1. da presente programación, onde se analizan diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento e cumprimento da programación como a temporalización das unidades didácticas, a metodoloxía ou a coordinación docente. Esta avaliación realizarase tanto de maneira individual como en coordinación co resto do equipo docente.

A partir da valoración dos diferentes apartados da programación, así como da detección de posibles dificultades de aprendizaxe e/ou necesidades específicas de apoio educativo levaranse a cabo accións de mellora como a adaptación ou modificación de aspectos curriculares como a metodoloxía, os tempos, a proposta de actividades de reforzo e ampliación e a adopción das medidas de atención á diversidade que sexan necesarias, tanto ordinarias coma extraordinarias. Ao final do curso a información obtida da avaliación da programación farase constar na memoria final, onde se recollerán as dificultades atopadas, xunto coas medidas adoptadas, de ser o caso e farase fincapé nas propostas de mellora a adoptar para o próximo curso escolar.

9. Outros apartados